



## LISTA DE ASISTENTES

Barreiro Alonso, Enrique  
 Campos Bastos, Celso  
 Castro Oliva, Manuel  
 Cid Fernández, Xose Manuel  
 Cidrás Pidre, José  
 Corbacho Suso, Patricia  
 Docampo Amoedo, Domingo  
 Durany Castrillo, José  
 Estévez Toranzo, Margarita  
 Fandiño Alonso, Xaime  
 Fernández Álvarez, Antón  
 Fernández Saborido, Anxo Manuel  
 Gago Rodríguez, Alberto  
 Gálvez Gálvez, Juan Fco.  
 Gil Villanueva, José M<sup>a</sup>  
 Gómez Gude, Jorge Juan  
 González Piñeiro, Luis  
 Gueimonde Canto, Ana Isabel  
 Hernández Sánchez, Jesús  
 Iglesias Galán, M<sup>a</sup> Hilda  
 Iglesias Randulfe, M<sup>a</sup> Teresa  
 Martínez Cobas, Xavier  
 Mato De La Iglesia, Salustiano  
 Mazaira Castro, Andrés  
 Membiela Iglesia, Pedro  
 Nombela Castaño, Miguel Ángel  
 Pajares Domínguez, Sergio  
 Pita Grandal, Ana M<sup>a</sup>  
 Pousada Carballo, José M<sup>a</sup>  
 Ramos Cabrer, Manuel  
 Rodríguez Fuentes, Gustavo  
 Rubiños López, J. Óscar  
 Sánchez Bello, Patricio A.  
 Suárez Creo, Juan  
 Tojo Suárez, José E.  
 Troncoso Durán, Dolores  
 Vázquez López, Ezequiel M.

### DESCULPAN ASISTENCIA:

Carballo-Calero Ramos, M<sup>a</sup> Victoria  
 Rivó López, M<sup>a</sup> Elena  
 Varela Lafuente, Manuel

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 27 de xuño de dous mil cinco, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O luns, día 27 de xuño de 2005, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 9 de maio de 2005.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do calendario escolar para o curso 2005/06.
4. Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios de doutoramento no ámbito de humanidades.
5. Aprobación, se procede, da normativa reguladora para o concurso de profesorado para o curso 2005/06.
6. Acordo sobre contratación de profesores contratados doutores.
7. Outros asuntos de profesorado: comisións de servizo e proposta de nomeamento como profesor emérito de D. Isaac Alonso Estravís.
8. Aprobación, se procede, da convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo.
9. Declaración institucional de apoio académico aos deportistas de alto nivel.
10. Resolución do recurso de alzada contra a non admisión a trámite da solicitude de avaliación curricular presentado por Dona M<sup>a</sup> Jesús González González, alumna da Facultade de CC. Económicas e Turismo.

11. Aprobación, se procede, da proposta de seguimento do rendemento escolar do alumnado da Universidade de Vigo.
12. Aprobación, se procede, dun documento sobre a organización dos estudos de posgrao na Universidade de Vigo.
13. Aprobación, se procede, do cambio de nome da Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB de Vigo.
14. Aprobación, se procede, do envío ao Consello Social da proposta de creación da Sociedade Xestora CITE XVI.
15. Aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno da Facultade de historia.

- 16.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia e as universidades galegas – Convenios de colaboración entre a Universidade Internacional Menéndez Pelayo e a Universidade de Vigo, Caixanova, o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra – Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e ordenación universitaria e as tres universidades galegas – Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade FIB (Brasil)– Convenio específico coa Universidade Federal do Paraná (Brasil) – Convenio marco de colaboración coa Pontificia Universidade Católica do Paraná (Brasil) – Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade Autónoma de Manizales – Convenio marco e protocolo coa Universidade Técnica de Lisboa – Convenios marco e específico de colaboración coa Pontificia Universidade Católica do Río de Xaneiro (Brasil) – Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade Católica do Uruguai – Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade Nacional do Litoral (Arxentina) – Convenio marco de colaboración coa Universidade de Monastir (Tunicia).
- 17.** Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de investigación (1 estudante), Comisión de planificación e asuntos económicos (1 PDI e 2 estudantes) , Comisión de organización académica e profesorado (1PDI), Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI) e 1 membro do Consello Social.
- 18.** Rogos e preguntas.

**Punto 1.-** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 9 de maio de 2005.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.-** Informe do reitor.

O reitor informa do seguinte:

- Da primeira proposta de títulos de grao e posgrao aprobada na Subcomisión de ensinanzas técnicas, así como dos criterios utilizados. Os presidentes das comisións intervirán o día 28 no parlamento e a continuación reuniranse co Secretario de estado.
- Da ampliación do calendario de cobertura do seguro escolar. As modificacións principais son:
  - período anual do 1 de setembro ao 31 de agosto e
  - a adición dunha cláusula que inclúa o período que vai desde o remate dun curso ata o momento da matrícula do próximo curso.
- Da sinatura do convenio co Concello de Vigo que atinxe ao transporte público ao campus polo que a universidade pasará a pagar unha cota descendente dun 10% anual e que vai desde o 50% do anterior convenio ata quedar nun 10% dentro de cinco anos.
- Da mellora do convenio co grupo Santander que a partires desta data vai aportar 600 mil €anuais á universidade.

- Da baixa como membros do Consello de Goberno de D. Luis Domínguez Castro e D. Javier Rodríguez Berrocal.

- Da incorporación como novos membros do Consello de Goberno de D. Celso Campos Bastos (Director do Departamento de informática), D. Miguel A. Nombela Castaño (Decano da Facultade de Ciencias do mar), D. Pedro Rabanal Carbajo (Decano da Facultade de Dereito), D. Manuel Varela Lafuente (Director do Departamento de Economía aplicada) e do alumno D. Xosé Daniel Baz Alonso.

**Punto 3.-** Aprobación, se procede, do calendario escolar para o curso 2005/06.

A secretaria xeral informa da proposta que se presenta do calendario par ao curso 2005-06 e que respecta o acordo do claustro de data 14 de xuño.

Trátase dunha proposta similar á do curso pasado na que hai que subliñar dúas diferenzas:

- O adianto do comezo do curso ao 21 de setembro para axustar mellor a duración de cada cuadrimestre.
- A posibilidade de elixir realizar a convocatoria extraordinaria no mes de setembro (modalidade B) ou ben adiantala ao mes de xullo (modalidade A).

Mantense a convocatoria extraordinaria de decembro nas mesmas datas (do 16 ao 23 de decembro) e con interrupción das clases neses días.

O profesor Ramos propón se non sería mellor fixar unha data tope para que os centros opten por unha ou outra modalidade.

O reitor di que se pode considerar, pero é máis partidario de deixar aos centros unha certa liberdade, sobre todo esta primeira vez.

O profesor Gálvez pide que se dea aos centros algo de liberdade e pregunta se, independentemente de optar pola modalidade A ou B, non sería posible permitir que os alumnos puidesen examinarse de todas as materias en todas as convocatorias.

O reitor di que aquí estase a aprobar un calendario estandar, pero se un centro quere facer unha proposta dese tipo habería que traela a este Consello de Goberno para estudala.

O señor Fernández Saborido pregunta se un centro que opte pola modalidade A pode volverse atrás no vindeiro curso.

O reitor resposta que é posible se ese centro considera que a experiencia non foi positiva.

O profesor Piñeiro pregunta se os centros que teñan problema en encaixar todos os exames en dúas semanas poden pedir unha ampliación.

O reitor di que ao igual que o ano pasado, excepcionalmente un centro pode pedir á secretaria xeral a ampliación dun prazo se o xustifica adecuadamente.

Apróbase por asentimento o calendario escolar para o curso 2005-06. (Anexo I).

**Punto 4.-** Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios de doutoramento no ámbito de humanidades.

A secretaria xeral informa de que foi nomeado un novo tribunal (por dimisión do anterior) para xulgar as reclamacións presentadas á proposta inicial de deixar desertos os premios extraordinarios de doutoramento no ámbito humanístico.

Reunido este novo tribunal con data 6 de xuño de 2005 acordou, por unanimidade, deixar deserta a concesión de dito premio.

Apróbase por asentimento a proposta do tribunal de deixar deserta a concesión de premios extraordinarios de doutoramento para teses defendidas no ano 2003 no ámbito de humanidades.

**Punto 5.-** Aprobación, se procede, da normativa reguladora para o concurso de profesorado para o curso 2005/06.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa da proposta presentada que contén as bases do concurso público para a contratación de axudantes, profesores axudantes doutores e profesores asociados para o curso 2005-06. É análoga á do curso pasado con algunhas correccións de tipo técnico e coa diferenza de que este ano, para as prazas de profesor asociado, esíxese a acreditación do exercicio dunha actividade profesional remunerada fóra da universidade durante un período mínimo de dous anos, ao longo dos cinco últimos.

Así mesmo informa de que para o vindeiro Consello de Goberno traeranse as bases e normativa que van regular os concursos de contratado doutor.

A profesora Troncoso pregunta se ten sentido pedir proxecto docente para as prazas de profesor asociado.

A vicerreitora di que ela persoalmente coincide con esa opinión pero a COAP optou por modificar o menos posible para este curso xa que se está pendente do novo convenio colectivo, despois xa vai ser necesario elaborar unha normativa diferente para todo o profesorado contratado.

Apróbase por asentimento (Anexo II)

**Punto 6.-** Acordo sobre contratación de profesores contratados doutores.

A vicerreitora de organización académica e profesorado di que a LOU deixa en mans das comunidades autónomas a competencia de regular o réxime retributivo do PDI contratado nas universidades públicas, e o artigo 15.3 do Decreto 266/2002 da Xunta de Galicia establece que “o profesorado contratado doutor terá unha remuneración que oscilará entre un mínimo de TU e un máximo de CU”.

De acordo con isto, e en ausencia dun convenio colectivo que regule estas retribucións, a proposta da COAP é de equiparala á dos TU para este próximo curso.

Apróbase a proposta por asentimento (Anexo III).

**Punto 7.-** Outros asuntos de profesorado: comisións de servizo e proposta de nomeamento como profesor emérito de D. Isaac Alonso Estravís.

Comisións de servizo:

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa de que hai dúas propostas de renovación de comisión de servizos:

- Dona Pilar Abad Romero, área de Economía aplicada, con destino na Universidade de Barcelona.
- D. Marco Villagómez Cebrián, área de Dereito público, con destino na Universidade Carlos III (Madrid).

Hai dúas propostas de nova concesión:

- D. Antonio Gallardo Correa, área de Ecoloxía, con destino na Universidade Pablo Olavide (Sevilla).
- D. Jesús Rodríguez Márquez, área de Dereito público especial, con destino no Ministerio de economía y hacienda.

Todas teñen o informe favorable do consello de departamento agás a última que se enviou máis tarde ao departamento polo que aínda non houbo tempo de recibir resposta. Propón aprobalas todas quedando a última pendente do informe do consello de departamento.

Apróbase a proposta por asentimento.

Proposta de nomeamento de emérito:

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa sobre unha solicitude de proposta de nomeamento como profesor emérito de D. Isaac Alonso Estravís, tramitada polo Departamento de Didácticas especiais.

Unha vez analizado o currículum a COAP conclúe que en principio non se axusta aos estándares relacionados con este tema, non obstante, e antes de tomar unha decisión definitiva unha saída podería ser que o Consello de Goberno acorde solicitar algún informe externo que axude a ter unha opinión clara e tratalo de novo en Consello de Goberno.

A petición do profesor Tojo a vicerreitora informa dos rasgos máis sobresaíntes do currículum: é TEU desde o ano 92, doutor, ten unha tese dirixida recentemente e non ten sexenios de investigación.

O reitor sinala que o máis importante a ter en conta para esta figura é se está prestando servizos na formación de investigadores xa que os eméritos so poden participar neste. Os informes do Consejo de coordinación universitaria atenden principalmente á contribución no pasado na formación de investigadores e á capacidade para seguir contribuindo no futuro na

formación de investigadores. Por isto o Consello de Goberno debería meditar se se envía ou non a informe xa que hai poucas posibilidades de que sexa favorable.

O profesor Membiela opina que a labor dun PDI é docencia e investigación, considera que se debería ampliar a figura de emérito e ter en conta tamén o aspecto docente e non soamente o investigador, cre que o profesor Estravís está moi por encima dos estándares na docencia e ten unha proxección social extraordinaria, xustamente por isto a figura de emérito estaría máis que xustificada.

O reitor insiste en que o que se pide a esa idade non é tanto que investigue senón que sexa un mestre de investigadores e o problema non é a categoría do corpo ao que pertence o profesor senón os criterios que se valoran á hora de emitir os informes.

O vicerreitor de relacións institucionais opina que ao profesor Estravís non lle vai aportar nada que se reciban dous informes negativos pero cre que hai outras formas na universidade de poder contar con unha persoa sen necesidade de ser emérito.

A profesora Pita Grandal propón establecer uns criterios mínimos para que este Consello de Goberno utilice no momento de decidir se procede ou non elevar propostas de profesores eméritos.

O reitor di que non é fácil chegar a un acordo dese tipo xa que hai unha gran diversidade de áreas, pero podería ser un traballo para a COAP para o próximo curso.

Despois de varias intervencións, o reitor propón o acordo do Consello de Goberno de dicir que non á proposta de nomeamento como emérito pero coa recomendación de buscar formas de cooperación para que esta universidade poida seguir contando co profesor Estravís.

Apróbase por asentimento.

**Punto 8.-** Aprobación, se procede, da convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo.

O vicerreitor informa das novidades principais desta convocatoria así como dunha serie de correccións ao documento enviado aos membros do Consello de Goberno.

O profesor Rodríguez Fuentes pregunta se non sería posible que en anos seguintes na residencia de Pontevedra exista a posibilidade de non ter obrigatoriamente pensión completa.

O vicerreitor di que se estudará se xa se pode incluír esa posibilidade para este curso, en caso contrario estudaríase para o curso próximo.

Apróbase por asentimento coas correccións indicadas. (Anexo IV)

**Punto 9.-** Declaración institucional de apoio académico aos deportistas de alto nivel.

O vicerreitor de extensión universitaria e estudantes informa de que se trata de apoiar a este colectivo de deportistas de alto nivel que ten moitas dificultades para compatibilizar os estudos cos adestramentos, competicións, etc.

Con esta declaración preténdese sensibilizar a toda a comunidade universitaria coa problemática deste colectivo e de transmitir á opinión pública unha imaxe positiva da universidade cara a eles. Este sería un primeiro paso dentro dun programa máis amplo.

Apróbase por asentimento (Anexo V).

**Punto 10.-** Resolución do recurso de alzada contra a non admisión a trámite da solicitude de avaliación curricular presentado por Dona M<sup>a</sup> Jesús González González, alumna da Facultade de CC. Económicas e Turismo.

O vicerreitor de innovación e calidade informa de que despois de aplicar o criterio que se acordou neste Consello de Goberno para estes recursos o resultado é de informar desfavorablemente nas dúas materias que solicita. Apróbase por asentimento a desestimación do recurso de alzada presentado pola alumna Dona M<sup>a</sup> Jesús González González nas materias: Economía española mundial e Dirección comercial 2.

**Punto 11.-** Aprobación, se procede, da proposta de seguimento do rendemento escolar do alumnado da Universidade de Vigo.

O vicerreitor de innovación e calidade informa de que despois de presentar este programa no último Consello de Goberno someteuno a alegacións. O texto presentado recolle as suxestións presentadas (o documento figura como Anexo VI).

O profesor Gálvez opina que este procedemento o que fai é axudar ao cumprimento da lei e pregunta por qué non se aplica a todas as materias.

O vicerreitor di que a comisión de calidade comunicarlle ao centro as materias obxectivo e este terá que decidir o número de materias que se incorporan ao procedemento da SRA. Deste xeito o que se consegue é que o centro faga o seguimento dos tribunais para eses casos.

O reitor propón que se indique que, como mínimo, o centro fará o seguimento das materias obxectivo que a comisión de calidade lle indique.

Apróbase por asentimento a proposta presentada coa puntualización sinalada polo reitor.

**Punto 12.-** Aprobación, se procede, dun documento sobre a organización dos estudos de posgrao na Universidade de Vigo.

O vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente fai a presentación do documento e sinala que a idea é de intentar establecer un mínimo de coherencia sobre o que será o novo posgrao así como racionalizar as estruturas de xestión para o mesmo.

Establécese un breve debate no que interveñen varios membros do Consello de Goberno suxerindo algunhas modificacións puntuais que melloran a redacción do documento así como sobre a composición da comisión.

Como resultado deste debate propónse a seguinte redacción para a composición da comisión de posgrao:

- O director de posgrao que actuará como presidente.
- Os subdirectores de máster e doutoramento.
- Oito profesores doutores con vinculación de carácter permanente e dedicación a tempo completo, dos cales a lo menos cinco serán membros dos corpos docentes universitarios. Os membros da comisión de posgrao que pertencen aos corpos docentes universitarios deberán contar co recoñecemento, polo menos, dun sexenio de investigación; o resto dos membros deberán acreditar unha experiencia investigadora contrastada. Serán nomeados polo Consello de Goberno garantindo, na medida do posible, a representación dos tres campus da Universidade de Vigo e de todos os ámbitos de coñecemento.

Finalmente o reitor propón aprobar este documento coas modificacións suxeridas.

Apróbase por asentimento. (Anexo VII)

**Punto 13.-** Aprobación, se procede, do cambio de nome da Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB de Vigo.

O vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente informa da solicitude da Fundación San Pablo – CEU sobre o cambio de nome da “Escola Universitaria de profesorado de educación xeral básica María sede sampientae” polo de “Escuela Universitaria de Magisterio San Pablo – CEU” como consecuencia da cesión da xestión do centro por parte do bispado á Fundación universitaria San Pablo – CEU (ver anexo VIII).

O profesor Tojo pide máis información sobre este proceso e pregunta se se consultou previamente á universidade.

O vicerreitor di que si se consultou á universidade e que o convenio sigue igual, o único que cambiou foi que pasou de ser do bispado a ser xestionada pola Fundación San Pablo – CEU.

Sométese o punto a votación:

Votos a favor do cambio de nome .....	19
Votos en contra do cambio de nome.....	0
Abstencións.....	10

Apróbase a autorización para realizar o cambio de nome sinalado.

**Punto 14.-** Aprobación, se procede, do envío ao Consello Social da proposta de creación da Sociedade Xestora CITE XVI.



O vicerreitor de investigación fai a presentación da proposta de creación da sociedade xestora CITEXVI para o desenvolvemento do proxecto de Cidade tecnolóxica que pretende ser o centro neurálxico do Parque científico e tecnolóxico de Galicia en Vigo. (Ver Anexo IX)

A Cidade tecnolóxica dispón xa do proxecto arquitectónico básico, que inclúe 5 módulos, dos que tres forman parte dos servizos xerais de investigación, dependentes directamente do vicerreitorado de investigación, e os outros dous están destinados a crear espazo I+D+i empresarial, para cuxa xestión se propón a creación de CITEXVI. As ideas básicas que animan a creación de CITEXVI, son as seguintes:

- cubrir as necesidades físicas e tecnolóxicas dos equipos públicos e privados de investigación dedicados á definición de novos produtos, novas tecnoloxías e novos desenvolvementos,
- terá como base física os actuais terreos do campus de Vigo, dos que a universidade faría unha cesión de uso á nova sociedade que inicialmente tería como socios preferentes a Caixanova, Zona Franca e a propia Universidade de Vigo.
- O acceso aos espazos poderán solicitalo tanto grupos privados de I+D+i como os propios grupos da universidade que queiran ampliar actividades.
- A integración en CITEXVI dará acceso aos servizos científicos e tecnolóxicos avanzados de que dispón a universidade en condicións de preferencia fronte a outros usuarios externos.
- O proxecto arranca cunha superficie útil de 5.000 metros cadrados para I+D+i, pero con posibilidades de ampliación por riba dos 80.000 metros cadrados.
- A potencia das institucións promotoras é garantía de solidez, futuro e puxanza para o proxecto.

En resumo, o proxecto “Cidade tecnolóxica” terá dous compoñentes:

- servizos centrais de investigación da Universidade de Vigo
- CITEXVI S.A.

A continuación intervén no mesmo sentido o vicerreitor de planificación, sinala que a cuestión relevante é se estamos convencidos de, unha vez definido o modelo público institucional da docencia e da investigación da Universidade de Vigo, inserilo e reforzalo en contacto directo coa iniciativa privada. Máis concretamente queremos:

- Atraer ao campus o maior número de iniciativas de I+D+i privados.
- Multiplicar esas relacións e provocar un efecto de amplificación, de maneira que unhas iniciativas arrastren a outras, e os contactos iniciais acaben traducíndose en liñas permanentes de colaboración en actividades de I+D. Isto é perfectamente viable tal e como figura no informe de consultoría presentado.
- Estar acompañados neste empeño por entidades privadas que dean potencia e credibilidade ao proxecto. Neste sentido, o proxecto de “cidade Tecnolóxica” fai que a marca “Universidade de Vigo” apareza no mercado reforzada por as entidades Caixanova e Zona Franca, totalmente comprometidas no desenvolvemento económico da área de influencia e, polo tanto, coa máxima garantía para as empresas interesadas en reforzar este flanco das súas actividades.

- Que este sexa un elemento distintivo crucial para a Universidade de Vigo, en total consonancia coa estrutura socioeconómica do seu ámbito de influencia.

Todo isto permite comprender que un proxecto deste tipo so pode ter éxito se é compartido coa iniciativa privada, condición imprescindible para a súa viabilidade financeira; xa que cos recursos exclusivos da universidade nin sequera sería viable a construción dos tres primeiros módulos que podería custar arredor de 12,6 millóns de euros. Sen embargo se se constitúe esta sociedade xestora con Zona Franca e Caixanova como socios a terzos coa Universidade de Vigo cun desembolso de capital do 60% e o 40% restante financiado con endebedamento, as cifras resultantes serían alcanzables para a Universidade de Vigo, formando parte dun proxecto que semella perfectamente viable.

Remata resaltando o que significa esta alternativa societaria e financeira xa que supón implicar no proxecto a algunhas das institucións económicas máis importantes da área de influencia da nosa universidade.

Ábrese unha rolda de intervencións:

O profesor Tojo expresa as súas reticencias ao proxecto xa que todos estamos de acordo coa colaboración coa empresa, pero o que se debate é cómo se pode apoiar e fomentar esta relación. O camiño para facer I+D está en estimular aos grupos de investigación para que teñan máis relación coas empresas, máis medios para investigar, máis espazo, etc. pero non está de acordo con darlle metros cadrados ás empresas xa que dubida que os utilicen para investigar e a quen hai que darllos é aos grupos de investigación.

En relación co tema de alugar espazos aos grupos de investigación cre que isto serve de pouco xa que son locais illados e afastados dos seus centros de investigación, sería necesario adecualos o que nalgún caso levaría consigo facer instalacións moi específicas.

Non dubida de que as empresas van alugar os locais pero do que dubida é de se iso é o que debe facer a universidade cos seus terreos.

Remata a súa intervención dicindo que lle gusta máis a estrutura que ten a universidade de Santiago xa que primeiro consolidou grupos de investigación, institutos e laboratorios e despois as empresas veñen soas.

Intervén de novo o vicerreitor de investigación manifestando que é claro que o camiño para consolidar os grupos de investigación é outro pero este é un proxecto que vai en paralelo e que serve de axuda para ese fin. Pregúntase se o novo CITI de Ourense, a estación de ciencias mariñas e a futura ampliación do CACTI non son metros cadrados para facilitar que os grupos de investigación poidan traballar e así favorecer a súa consolidación.

A universidade foi felicitada cando presentou este proxecto, a Universidade de Santiago de Compostela está pensando cómo inverter o camiño e a da Coruña pediunos información sobre o mesmo.

O vicerreitor de planificación di que segundo información da que dispón a Universidade de Santiago de Compostela ten moitos problemas de tipo financeiro pero darlle marcha atrás non é fácil. Por outra parte os contactos principais que ten a Universidade de Santiago de Compostela son coa administración pública.

O profesor Durany considera que este proxecto vai supoñer un salto cualitativo para a Universidade de Vigo e que nos vai beneficiar a todos, ao igual que foi CUSA no seu día.

A señora Hilda Iglesias di que o informe de viabilidade ten moitas deficiencias e erros, considera que o estudio non está ben feito.

Rematadas as intervencións o reitor some o punto a votación:

Votos a favor de elevar ao Consello Social a proposta de creación de CITE XVI .....	24
Votos en contra de elevar ao Consello Social a proposta de creación de CITE XVI.....	4
Abstencións.....	2

Queda aprobado o envío ao Consello social da proposta de creación de CITE XVI.

**Punto 15.-** Aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno da Facultade de historia.

Apróbase por asentimento.

**Punto 16.-** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia e as universidades galegas – Convenios de colaboración entre a Universidade Internacional Menéndez Pelayo e a Universidade de Vigo, Caixanova, o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra – Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e ordenación universitaria e as tres universidades galegas – Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade FIB (Brasil)– Convenio específico coa Universidade Federal do Paraná (Brasil) – Convenio marco de colaboración coa Pontificia Universidade Católica do Paraná (Brasil) – Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade Autónoma de Manizales – Convenio marco e protocolo coa Universidade Técnica de Lisboa – Convenios marco e específico de colaboración coa Pontificia Universidade Católica do Río de Xaneiro (Brasil) – Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade Católica do Uruguai – Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade Nacional do Litoral (Arxentina) – Convenio marco de colaboración coa Universidade de Monastir (Tunicia).

Apróbanse por asentimento.

**Punto 17.-** Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de investigación (1 estudante), Comisión de planificación e asuntos económicos (1 PDI e 2 estudantes) , Comisión de organización académica e profesorado (1PDI), Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI) e 1 membro do Consello Social.

A secretaria xeral informa de que hai unha candidatura presentada para cubrir o posto vacante do sector PDI na Comisión de planificación e asuntos económicos e na Comisión de organización académica e profesorado, polo que saen elixidos:

Comisión de planificación e asuntos económicos:

Sector PDI: D. Miguel Ángel Nombela Castaño (Decano da Facultade de Ciencias do mar)

Comisión de organización académica e profesorado:

Sector PDI: Dona Dolores Troncoso Durán (Directora do departamento de Literatura española e teoría da literatura)

**Punto 18.-** Rogos e preguntas.

O profesor Barreiro pregunta se no CITI de Ourense hai xa unha previsión de espazos.

O vicerreitor de investigación di que o proxecto elaborouse despois de ter unha entrevista con todos os decanos ou directores dos centros na que presentaron as necesidades. Concretamente un dos módulos está dedicado á colocación de grupos de informática.

A señora Hilda Iglesias roga que se revise a documentación do informe sobre a viabilidade de CITE XVI antes de envialo ao Consello Social.

O señor Fernández Saborido roga que se promova a utilización de enerxías alternativas.

O reitor aclara que hai todo un plan de innovación enerxética polo que estamos nesa vía.

O profesor Tojo roga que a información que se envía á prensa non sexa sesgada e que se sexa máis rigoroso xa que as noticias do DUVI en relación co calendario non eran correctas.

O reitor di que el mesmo chamou ao xefe do gabinete de prensa para dicirlle que modificara a información xa que o que saíu non foi exactamente o acordado.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:10 horas do día 27 de xuño de 2005 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo

M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randulfe